

A EMMA imparte diversas especialidades para afeccionados e comprende diferentes manifestacións, dende o folclore tradicional galego e a formación clásica até a música moderna e contemporánea a través de ensino non regrado.

Neste curso escolar 2017-2018 está previsto impartir un curso de preparación ao conservatorio (CPC).

PLAN DE ESTUDOS				
MÚSICA E MOVEMENTO (de 4 a 7 anos)				CRITERIOS DE PROMOCIÓN de un curso a outro: ano de nacemento
INICIACIÓN I (nacidos en 2013)	INICIACIÓN II (nacidos en 2012)	BÁSICA I (nacidos en 2011)	BÁSICA II (nacidos en 2010)	
1º	2º	3º	4º	
1 h semanal de asistencia obrigada ás clases				
LINGUAXE MUSICAL (LM) e INSTRUMENTO (nacidos en 2009 e anteriores)				
CANTO (nacidos en 2004 e anteriores)				
1º	2º	3º	4º	Curso de preparación ao Conservatorio (CPC)
1 h de LM+30 min. de clase individual de instrumento		1 h de LM+45 min. de clase individual de instrumento		1 h de LM+1 h de instrumento
CRITERIOS DE PROMOCIÓN dun curso a outro: avaliación dos coñecementos acadados en cada curso Máximo 6 anos de permanencia				Máximo 1 ano de permanencia
Asistencia obrigada ás clases				
ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS				
Acordeón, Canto, Clarinete, Frauta traveseira, Gaita, Guitarra, Percusión, Piano, Saxofón, Vento-metal, Violín, Violonchelo				
ENSINANZAS DE CONXUNTO (OPTATIVAS)				
Agrupacións instrumentais	- Aula Folk - Banda xuvenil - Combo - Orquestra			
Agrupacións vogais	- Coro infantil - Coro de adultos			
*IMPORTANTE: As especialidades instrumentais e vogais concretaranse en cada curso escolar en función das capacidades organizativas da Escola. Só se poderá escoller un instrumento e o alumnado deberá dispoñer del , tanto para recibir a ensinanza como para participar nas agrupacións instrumentais				
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS (OPTATIVAS)				
- Educación auditiva e vocal - Tecnoloxía musical - Musicoterapia				
BANCO DE INSTRUMENTOS				
Pode solicitarse información na propia Escola.				
DURACIÓN DO CURSO ESCOLAR				
O calendario escolar da EMMA coas avaliacións, vacacións, festivos e días non lectivos será publicado no taboleiro de anuncios da EMMA ao comezo do curso. As clases comezan en outubro e rematan en xuño . Os horarios das clases colectivas (Música e Movemento e Linguaxe Musical) publícanse con antelación nos taboleiros de anuncios da Escola e os de instrumento serán facilitados o día da presentación do curso escolar.				
PROCEDIMENTO DE ACCESO Á EMMA (datos orientativos)				
ALUMNADO DA ESCOLA	RESERVA DE PRAZA		marzo	
ACCESO DE NOVO ALUMNADO	INSCRIPCIÓN, SORTEO DE PRAZAS E ADXUDICACIÓN		abril, maio	
	MATRÍCULA		xuño	

NORMAS DE RÉXIME INTERNO DA EMMA

O ingreso na escola supón a aceptación da Ordenanza Reguladora da Escola Municipal de Música de Arteixo (EMMA) (BOP nº 11 de 17 de xaneiro de 2017).

- Entre os deberes do alumnado está a **asistencia ás clases** e a participación nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo (audicións, concertos de fin de curso).
- As faltas de asistencia** deben ser xustificadas nos modelos facilitados desde a EMMArteixo.
- Nos casos de faltas inxustificadas ou reiteradas aplicarase os artigos 40 e 41 da Ordenanza
- Terán preferencia de acceso as persoas **empadroadas no Concello de Arteixo**. No caso de quedaren prazas libres, poderán acceder os de fóra do municipio (artigo 82).
- Non será admitido na Escola aquel alumnado no que concorran algunha destas circunstancias: **expulsado** mediante expediente disciplinario; xa teña realizado **estudos musicais equivalentes** ou superiores na especialidade en que se matricule; que **esgotara as convocatorias** ou superase os **6 anos de permanencia na formación dun instrumento**; que sexa **profesional da música** ou que non se atope ao corrente coas súas **obrigas tributarias** co Concello de Arteixo (artigo 83).
- Non serán aceptadas as renovacións de matrícula do alumnado que teña **recibos pendentes** (artigo 85).

OUTRAS OBRIGAS

- Comunicar** á maior brevidade posible **calquera cambio** que afecte os datos do alumnado: datos bancarios, cambio de domicilio, teléfonos ou persoas de contacto, etc.
- O profesor pode prohibir o acceso á aula transcorridos **15 minutos dende a hora de comezo das clases**. Prégase **máxima puntualidade**.
- Non está permitido permanecer nos corredores** mentres se imparten as clases.
- Calquera consulta co profesor/a ou co equipo directivo deberá facerse nos **horarios de titoría ou de atención ao público**.
- Traer ás clases o material escolar** solicitado polo persoal docente (libros, libretas, lápices, gomas, etc).

TARIFAS DA EMMA

Ordenanza Nº 34 do prezo público pola prestación de servizos socioculturais, educativos, deportivos, recreativos e outros análogos (BOP núm. 124 do 03/07/2017):

- A contía** que corresponde aboar por **cada materia impartida ao mes é de 12,50 €** (artigo 3). Os membros acreditados da Banda de Música Santiago de Arteixo terán unha redución do 25% (artigo 6).
- O cobro** das tarifas da EMMA realizarase **trimestralmente**, facéndose efectivo polo Concello no **prazo de 15 días dende o inicio do trimestre natural**, agás no 1º trimestre que será no prazo de 15 días dende que se tiveran iniciadas as clases (artigo 7 apartado h).
- As baixas** deberán solicitarse **por escrito** ante esta Administración e coa suficiente antelación para deixar de emitirse os recibos correspondentes aos trimestres que resten para rematar o curso escolar. En caso contrario non existirá dereito a devolución (artigo 8).

MATERIAS	NIVEIS	COTA TRIMESTRAL
MÚSICA E MOVEMENTO	INICIACIÓN I BÁSICA I INICIACIÓN II BÁSICA II	37,50 €
INSTRUMENTO+ LINGUAXE MUSICAL	TODOS OS CURSOS	75,00 €
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL TECNOLOXÍA MUSICAL MUSICOTERAPIA	37,50 €
DATAS PREVISTAS DE COBRO A TRÁVÉS DE DOMICILIACIÓN BANCARIA		
1º trimestre Out.-nov.-dec.	1-15 de outubro	As baixas para que non se pase o 1º recibo deberán efectuarse <u>antes do último día lectivo da 1ª semana de curso</u>
2º trimestre Xan.-febr.-marzo	1-15 de xaneiro	As baixas para que non se pase o 2º recibo deberán efectuarse <u>antes do 30 de novembro</u>
3º trimestre Abril-maio-xuño	1-15 de abril	As baixas para que non se pase o 3º recibo deberán efectuarse <u>antes do 28 de febreiro</u>

+ INFORMACIÓN	
HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	Luns, mércores e venres de 09:00 a 13:30 h Martes e xoves de 10:00 h a 12:00 h Martes de 16:30 a 19:00 h Outras horarios: consultar taboleiro
LUGAR	Aulas da EMMArteixo Centro Cívico Cultural de Arteixo Paseo fluvial s/n 15142 Arteixo
TELÉFONO	671582787 (preferente) 981647294
WEB	www.arteix.org



ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
CONCELLO DE ARTEIXO
CONCELLARÍA DE RELACIONS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Curso 2017/2018

A música constitúe un importante factor de desenvolvemento persoal e sociocultural e a formación musical converteuse nunha das prioridades do Concello de Arteixo. Sendo conscientes desta nova realidade educativa, esta institución municipal, como titular do servizo Escola de Música, aposta por este referente na ensinanza das persoas de todas as idades que desexan achegarse a este mundo artístico.

Aos que decidistedes formar parte deste proxecto deséxovos unha fructuosa traxectoria e unha agarimosa benvida a este novo curso.

Carlos Calvelo Martínez

Alcalde do Concello de Arteixo